

RESOLUCIÓN DO 7 DE XUÑO DE 2011, POLA QUE SE CONVOCAN 2 BOLSAS (FORMULA SANTANDER) PARA ESTUDANTES DA USC SELECCIONADOS PARA INTERCAMBIO EN UNIVERSIDADES DE IBEROAMERICA PARA O CURSO 2011-12

1.OBXECTO DA CONVOCATORIA Esta vicerreitoría en virtude do convenio suscrito co Banco de Santander no seu programa de bolsas "Fórmula Santander" convoca dúas bolsas dirixidas a estudantes de intercambio con universidades de Iberoamérica (prazas convocadas por Resolución Reitoral de 23 de decembro de 2010).

2 DESTINATARIOS Estudantes seleccionados para intercambio bilateral en universidades iberoamericanas para o curso 2011-12.

3 CONTÍA DA AXUDA 5.000 euros cada bolsa. Os estudantes deberán ter aberta a seu nome un número de conta no Banco de Santander.

4 SOLICITUDE A través do formulario que se achega con presentación no Rexistro Xeral da universidade de Santiago de Compostela sito no Pazo de San Xerome (Praza do Obradoiro S/N) ou nos lugares establecidos na lei 30/1992.

5 SELECCIÓN Outorgaranse aos dous estudantes con mellor expediente académico.


6 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES 5 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta resolución.

7 RESOLUCIÓN Publicarase nos 7 días naturais posteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Contra esa Resolución non caberá recurso.

8 INCOMPATIBILIDADE Esta bolsa é incompatible con outras bolsas do Banco Santander.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2011

O vicerreitor de Estudantes e Formación Continua



[Handwritten signature]
Francisco R. Durán Villa